



## ESCALETA DA ONDA DISCALZA



Título do programa: O oficio das lavandeiras

Data da gravación	14/03/2019	Duración	4:59	Nº de programa	4
Locutores / as	<p><u>1º de Bacharelato</u> Bereijo Rubido, Antonio Freire Martínez, Ainhoa García Polo, Sofía Iglesias Darriba, Alba</p>	<p><u>Vagalumes - 3º de Primaria</u> Alonso Porta, Andrés Bereijo Piñón, Mario Brañas Yáñez, Elena García Herva, Miguel Martínez Pérez, Hugo</p>			
Técnicos / as	Galdo Carro, Mateo Pérez Pérez, Irene Pernas Piñón, Marcos				
Música	Interpretación de Beatriz Leonardo Labraña e Elsa López Lourido Acordeón: Beatriz Leonardo				

	Pandeiro: Elsa López  Adaptación: Beatriz Leonardo Labraña sobre "Lavandeira da noite" de Carlos Núñez, con letra de Casto Sampedro e Folgar.
Documentación	Asociación de Maiores de Cedeira: Cedeira no século XX. <i>Entre Laurussia e Gondwana. Vol. IV</i> Pillado González, F.,(2015) <i>Parada en Betanzos</i> . Oza-Cesuras. Biblos Clube de Lectores S.L. <a href="http://www.galicia-meiga.com/lavandeiras-da-noite/">http://www.galicia-meiga.com/lavandeiras-da-noite/</a> <a href="https://www.aelg.gal/resources/polafias/publications/13884102139481365004715328VXornLitOralMouras-os_2012.pdf">https://www.aelg.gal/resources/polafias/publications/13884102139481365004715328VXornLitOralMouras-os_2012.pdf</a> <a href="https://hotolugaba.jimdo.com/bibliograf%C3%A3da/">https://hotolugaba.jimdo.com/bibliograf%C3%A3da/</a>

A Biblioteca Escolar do IES Punta Candieira leva a cabo, por segundo ano, un traballo por proxectos en colaboración coa Biblioteca Escolar "Carlos Labraña" do CEIP Nicolás del Río. A temática que se desenvolve este curso está relacionada co Patrimonio Inmaterial e nela vimos traballando dende o inicio. A colaboración prodúcese entre os alumnos de Antropoloxía de 1º de bacharelato e os de 3º de Primaria.

As oportunidades que un programa como Radio na Biblio ofrece aos centros, sumado ao feito de que o CEIP está dotado de emisora de radio, adoita ser un agasallo para o desenvolvemento dos traballos por proxectos. A iniciativa do podcast que presentamos forma parte desta investigación que ten como base de estudio Cedeira e a súa contorna, os hábitos e as tradicións. O saber e a colaboración das familias, das institucións e das asociacións culturais que fan perdurar o saber dos pobos. O oficio das lavandeiras é, dende ese punto de vista, un ben a extinguir. En xustificación do interese, cremos que este proxecto desenvolve competencias clave e completa o currículo de Antropoloxía de 1º de bacharelato. Son, fundamentalmente, estes alumnos os que desenvolven o traballo de documentación, preparación e gravación do programa. Pero existe tamén unha colaboración salientable de todos os alumnos que forman parte do equipo da Onda Discalza, nomeadamente os técnicos, e os músicos.

A colaboración con outras persoas que forman parte, ben de asociacións ou ben da comunidade educativa do CEIP e mesmo do IES, concretouse na entrevista que constitúe este podcast e pechouse cunha escenificación nun dos lavadoiros do pobo onde as avoas aprendéronlle aos alumnos a técnica de lavado e de clareo.

O traballo documental desenvolveuse na biblioteca en base á bibliografía que se destaca na escaleta. O cadro que se xunta serve como complemento desta breve memoria.

Obxectivo	Dar a coñecer o oficio das lavandeiras
Traballo de documentación	Bibliográfico na biblioteca do IES Entrevistas e contactos previos coas avoas lavandeiras na biblioteca do IES Dramatización nun lavadoiro da Vila cunha xornada de lavado
Lugar de gravación e edición	Onda Discalza - Radio na biblio do IES Punta Candieira
Competencias clave	<ul style="list-style-type: none"><li>○ Na selección das fontes de información: CCL / CSC / CCA / CMCCT / CCEC</li><li>○ Na recollida de datos: CCL / CSD / CSIEE / CCEC</li><li>○ Na posta en común: CCEC / CSC / CSIEE</li><li>○ Na creación baseada na tradición: CCEC / CSC / CCL</li><li>○ Na dramatización: CCL / CSC / CCEC</li><li>○ Na gravación e difusión: CCEC / CSC</li></ul>